

**1.- CONTRATACIÓN E SERVICIOS  
COMUNITARIOS**

---

## **1.1 REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.**

Aprobado por acordo plenario do 24 de abril de 1996  
Publicado no BOP 16 de agosto de 1996

### **CAPÍTULO I NORMAS XERAIS**

#### **ARTIGO 1.- OBXECTO.**

O obxecto do presente Regulamento é a regulación do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable do termo municipal de Santiago de Compostela.

A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase "abonado" a calquera usuario, persoa física ou xurídica, que teña contratado o Servizo de Augas.

Entenderase por "Servizos Técnicos" a unidade administrativa que o Concello determina como responsable do Servizo, en canto ás tarefas de control, inspección técnica ou calquera outra de policía sobre o Servizo e a súa xestión técnica.

Entenderase por "Entidade Subministradora" quen efectivamente realice o Servizo de Abastecemento de Auga.

#### **ARTIGO 2.- FORMA DE XESTIÓN E TITULARIDADE DO SERVICIO.**

O Servizo de Abastecemento de Auga Potable é de titularidade municipal, sen perxuízo da forma de xestión que se aprobe polo concello.

O Concello de Santiago de Compostela poderá presta-lo Servizo de Abastecemento de Auga Potable mediante calquera das formas previstas en Dereito; poderá estrutura-lo Servizo e dará publicidade da súa organización, sexa cal sexa a forma de prestación elexida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de Réxime Local. Dará credenciais ás persoas a él adscritas, para coñecemento e garantía de tódolos usuarios, reservándose o Concello as competencias que lle confire o artigo 127 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e a Lei de Contratos das Administracións Públicas do 18 de maio de 1995 ou a lexislación que resulte de aplicación no seu caso.

### **CAPÍTULO II OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DOS ABONADOS.**

#### **ARTIGO 3.- OBRIGAS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA.**

A Entidade Subministradora estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

a) Presta-lo servizo a todo Abonado e amplíalo a aquel que o solicite nos termos establecidos no presente Regulamento e outras disposicións aplicables.

b) Mante-las condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable.

c) Manter de forma permanente a dispoñibilidade e regularidade do subministro.

d) Colaborar co Abonado na solución das situacións que o subministro poida plantexar.

e) Efectua-la facturación tomando como base as lecturas periódicas dos contadores, e a tarifa legalmente autorizada polo organismo competente.

#### **ARTÍCULO 4.- DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA.**

A Entidade Subministradora ten os seguintes dereitos:

a) Cobros dos servizos prestados, tales como cota de servizo, axas de conservación, etc. así como da auga consumida polo Abonado, ou do mínimo establecido se o consumo non chega a dito mínimo, ós prezos das tarifas oficialmente aprobadas.

b) Dispoñer dunha retribución económica suficiente cun equilibrio que deberá manterse en todo caso. Cando o anterior equilibrio non poida producirse, terá dereito a solicitar do Concello a adopción das medidas sinaladas no art. 127 do R.S.C.L.

#### **ARTIGO 5.- OBRIGAS DO ABONADO**

O Abonado estará suxeito ás seguintes obrigacións:

a) Satisfacer puntualmente o importe do servizo de auga de acordo co previsto neste Regulamento, e conforme ás tarifas e taxas vixentes.

b) Paga-las cantidades resultantes de liquidacións por erro, fraude ou avaría imputables ó Abonado.

c) Usa-la auga subministrada na forma e usos establecidos na póliza.

d) Absterse de establecer ou permitir derivacións na súa instalación para subministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes ós consignados na póliza.

e) Facilita-la entrada ó local no que se realice o subministro nas horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal do servizo que, exhibindo a acreditación pertinente, trata de instala-los elementos precisos e inspecciona-las instalacións.

f) Respecta-los precintos colocados pola Entidade Subministradora ou polos organismos competentes da Administración.

g) Cumpri-las condicións e obrigas contidas no contrato ou póliza.

h) Comunicar á Entidade Subministradora calquera modificación na domiciliación do recibo.

i) Comunicar á Entidade Subministradora as modificacións na instalación interior, que representen consumos significativos polo seu volume.

j) Prever e dota-las instalacións de grupos de elevación de presión e depósitos de acordo co establecido neste Regulamento e demais Disposicións aplicables.

#### **ARTIGO 6.- DEREITOS DO ABONADO.**

O Abonado ó servizo disfrutará dos seguintes dereitos:

a) Dispoñer da auga nas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas, de conformidade coa normativa legal aplicable.

b) Dispoñer de condicións técnicas de presión que, de acordo coa instalación da vivenda, industria ou outros, sexan axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

c) Solicitar á Entidade Subministradora as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o Servizo.

d) A que se lle facturen os consumos de acordo coas tarifas vixentes.

e) Subscribir un contrato ou póliza de subministro, suxeito ás garantías da normativa establecida.

f) Formula-las reclamacións administrativas que considere convenientes de acordo co procedemento establecido neste Regulamento.

### **CAPÍTULO III INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA.**

#### **ARTIGO 7.- ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVICIO.**

Son elementos do Servizo de Abastecemento de Auga Potable, tódolos incluídos na rede xeral, que se compón de rede de alta, rede de baixa e acometidas.

a) Rede de alta: Comprende as obras hidráulicas de captación, elevacións, estación de tratamento, depósitos de almacenamento, de cabeceira, cola e reguladoras, edificios, dispositivos electromecánicos, tuberías e conductiones maestras, sistemas de regulación e control, etc., e demais elementos que dispoña a rede de alta.

b) Rede de baixa: Comprende a rede de distribución necesaria para o abastecemento da poboación. Está composta de tuberías, arquetas, pezas especiais, bocas de rego e incendio, etc., con características que se axustarán ó indicado na normativa que lle sexa de aplicación.

b.1) Rede de distribución primaria: Son aquelas tuberías da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

b.2) Rede de distribución secundaria: Son aquelas conductiones da rede de baixa que discorren ó longo dunha vía pública ou propiedade privada, previa constitución da oportuna servidume, sobre as que se derivarán, no seu caso, as acometidas para os subministros, bocas de rego ou calquera outra permitida, para subministrar un caudal puntual necesario e suficiente.

c) Acometida. Enténdese por acometida o ramal que partindo da tubería de distribución secundaria máis próxima conduza a auga ó pe do edificio ou límite de parcela que se desexe abastecer. Estará formada por unha tubería única de características axeitadas ó volume de auga a subministrar. Disporá como mínimo de chave de corte externa en vía pública, en arqueta axeitada, fronte ó inmovible correspondente e o máis próxima posible a él.

A acometida responderá ós esquemas básicos que se achegan como anexo a este Regulamento (esquemas nº 1 e 2), e constará dos seguintes elementos:

a) Dispositivo de toma: atópase colocada sobre a tubería da rede de distribución e abre o paso da acometida.

b) Ramal: é o tramo de tubería que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) Chave de rexistro: estará situada ó final do ramal de acometida na vía pública e xunto ó inmovible ou límite da propiedade. Constitúe o elemento diferenciador entre a Entidade Subministradora e o Abonado, no que respecta á reparación da acometida.

O elemento que delimita a competencia para reparación das acometidas, é a chave de rexistro, sendo competencia da Entidade Subministradora reparar a acometida dende a rede xeral ata a chave de rexistro e competencia do Abonado a súa reparación a partir da mesma.

### **CAPÍTULO IV ACOMETIDAS.**

#### **ARTIGO 8.- SOLICITUDE.**

A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable deberá presentarse de forma independente, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste Regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios de un só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis de un acceso, a Entidade Subministradora poderá decidi-la conveniencia de realizar unha única acometida e o seu lugar de ubicación.

Os locais que estean situados nas plantas inferiores da unidade independente de edificación, aínda cando non tiveran acceso común, deberán abastecerse da correspondente Batería Xeral de Contadores do inmovible, que todo inmovible debe posuír.

Naqueles casos nos que, a xuízo da Entidade Subministradora ou como aplicación da Normativa correspondente, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá solicitar, acometidas independentes.

#### **ARTIGO 9.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES.**

A petición farase en impreso normalizado que facilitará o prestador da Entidade Subministradora. Na solicitude farase constar como mínimo o nome do solicitante ou a súa razón social, o enderezo, ou nome do futuro Abonado, domicilio do subministro, carácter do mesmo, uso a que se destinará a auga, caudal necesario ou as bases para fixalo de acordo coa normativa vixente, e enderezo e teléfono para notificación.

Á solicitude acompañarase plano de situación, de cartografía municipal a escala axeitada.

#### **ARTIGO 10.- SOLICITUDE DE ACOMETIDAS.**

A solicitude de acometida á rede municipal de abastecemento de auga potable, non será tramitada

pola Entidade Subministradora ó Concello, se non se cumpren as causas ou circunstancias seguintes:

1.- Que o inmovible a abastecer non estea situado na área de cobertura do abastecemento.

2.- Que o inmovible que se pretende abastecer non conte con instalacións interiores adecuadas, ou ben as existentes non se axusten ás normas do presente Regulamento, nin á normativa técnica aplicable.

3.- Que o inmovible a abastecer non dispoña de acometida para verquidos de auga residuais e pluviais, ou non teña resolto o sistema de evacuación das mesmas.

4.- Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos, ata que os obteña e presente.

5.- Cando algunha parte das instalacións xerais debe discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

6.- Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalara, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

7.- Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión axeitadas.

#### **ARTIGO 11.- APROBACIÓN E DENEGACIÓN DE ACOMETIDAS.**

A aprobación ou denegación de toda acometida para suministro de auga potable, ou a ampliación da mesma, corresponderalle ó Concello, nas condicións por el establecidas e que resulten da aplicación da Normativa vixente, previo informe da Entidade Subministradora, e dos Servizos Técnicos Municipais.

#### **ARTIGO 12.- DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN.**

A Entidade Subministradora, informará sobre as características técnicas, que reunirán as acometidas, realizando as que previamente autorice o Concello e nas condicións establecidas por éste.

A execución das acometidas, será competencia da Entidade Subministradora, quen realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do petionario, xa sexa éste o usuario do Servizo, o constructor do inmovible ou o propietario da finca, quedando de propiedade municipal o ramal instalado. Asemade, o Servizo indicará as modificacións que na rede existente deban efectuarse e que tamén satisfará o petionario, previa conformidade do Concello.

A Entidade Subministradora confeccionará o presuposto para a execución das obras de acometida conforme ó cadro único de prezos vixente e aprobado polo Concello. Dito presuposto terá carácter definitivo, debendo adaptarse a cada caso concreto, previa comprobación de medicións. Non terá carácter definitivo nos supostos de que non se aplicasen os prezos aprobados ou incurrise a Entidade Subministradora en falsidade ou fraude ou erro na confección dos mesmos.

Por este motivo a Entidade Subministradora, presentará antes do 30 de setembro de cada ano, o Cadro de Prezos que se aplicará durante o seguinte ano, a efectos de poder ser aprobado polo Concello antes do 31 de decembro.

O cadro de prezos a aplicar será o vixente no momento de formularse a solicitude de acometida.

As acometidas á rede de abastecemento que se realicen pola Entidade Subministradora, para os novos Abonados, serán a cargo deste que os aboará á Entidade Subministradora, toda vez que fora aprobado polo Concello a execución da mesma e previo á súa realización.

A acometida será realizada pola Entidade Subministradora no prazo máximo dun mes, a partir da notificación da autorización municipal.

#### **ARTIGO 13.- POSTA EN CARGA DA ACOMETIDA.**

Realizada a acometida, a Entidade Subministradora pora en carga ata a chave de rexistro, que non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato de suministro, que en todo caso non poderá formalizarse ata comprobar o correcto estado das instalacións interiores do edificio. Pasado un ano dende o inicio do suministro sen que se formulara reclamación sobre a realización da acometida, entenderase que o propietario da finca está conforme coa súa instalación.

#### **ARTIGO 14.- ACOMETIDAS DE INCENDIOS.**

Instalaranse acometidas independentes para alimentar exclusivamente ós sistemas de protección contra incendios nas fincas onde os propietarios o soliciten, podendo o abonado utiliza-las bocas de incendio en beneficio de terceiros.

A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contra incendios requirirá a firma dun contrato específico entre a Entidade Subministradora e o Abonado, dando conta á Entidade subministradora destes contratos ó Servizo de Extinción de Incendios.

Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de suministro ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización das acometidas de incendios quedará restrinxida ás persoas autorizadas directamente polo Abonado que as solicitara, a Entidade Subministradora e ós servizos públicos destinados á extinción de incendios.

Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas polo persoal da Entidade Subministradora, quen o comunicará ó Servizo de Extinción de Incendios, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto.

Nestas bocas de incendios, que terán as chaves precintadas, non poderá o Abonado rompe-lo precinto máis que nos casos de incendio, debendo darse aviso á Entidade Subministradora no prazo de vinte e catro horas seguintes ó suceso. Nos casos en que os empregados do Servizo atoparan roto o precinto, sen lexítimo motivo, poráse o feito en coñecemento da Delegación de Industria, que resolverá o que proceda, sen perxuízo do expediente

sobre defraudación que deba segui-la Corporación Municipal.

As redes interiores de incendio realizaranse sempre mediante acometida á rede, independente das restantes existentes na finca na que se instala e non poderá ser conectada derivación ningunha para outros usos. Levarán sistema de medición, que permita o control do uso axeitado da auga, sen que entre en contradicción da Normativa de protección contra incendios aplicable.

**ARTIGO 15.- CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS.**

O manexo, reparación e cambio das acometidas serán sempre competencia exclusiva da Entidade Subministradora quen realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario; xa sexa éste, o usuario, o propietario ou o constructor do inmovible.

**ARTIGO 16.- AMPLIACIÓN DE ACOMETIDAS.**

No caso que unha finca aumentase, despois de realizada a acometida, o número de servizos, ou ampliase o número de vivendas, e as acometidas existentes foran insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitarase á Entidade Subministradora a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos que teñan que facerse en virtude da demanda serán por conta do abonado.

**ARTIGO 17.- ACOMETIDA EN DESUSO.**

Finalizados ou rescindidos os contratos de subministros, o ramal de acometida queda a libre disposición do seu propietario, pero se este, dentro dos vinte días seguintes non comunica fidedignamente á Entidade Subministradora a súa intención de que se retire da vía pública, consignado a tal efecto na caixa da Entidade Subministradora o importe dos gastos que ocasione a citada operación, entenderase que se desinteresa do ramal de acometida en desuso, podendo a Entidade Subministradora tomar, respecto a éste, as medidas que considere oportunas, de conformidade co Concello.

**ARTIGO 18.- PEQUENAS AMPLIACIÓNS E MELLORAS DE REDE.**

A efectos de aplicación deste regulamento, considerase a necesidade de realizar pequenas ampliacións da rede de abastecemento existente, nos seguintes casos:

- Cando existan redes de distribución secundaria de auga en vía pública colindante co inmovible e o novo enganche represente unha caída de presión ou caudal apreciable no abastecemento.
- Cando a distancia ata o punto de conexión sexa superior a 10 m. e como máximo de 40 m.
- Cando non exista rede na marxe do inmovible.

Nos viais de solo urbano con servizo defectuoso, deficiente ou incompleto que non permita satisfacer un subministro adecuado por chegar a esa situación se se aumentara o consumo por novas peticións de acometida, procederá a redacción e aprobación municipal do correspondente proxecto de obras de urbanización que faga posible un subministro adecuado en caudal e presión regulares. O Concello deberá coordinar a implantación e mellora do

abastecemento con outros Servizos urbanísticos a efectuar na mesma vía, especialmente pavimentacións e encintados de beirarrúas baixo as cales teñan que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimentos innecesarios.

Cando para a execución dunha acometida sexa necesario efectuar unha prolongación da rede xeral, correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo de dita ampliación, e farase constar no presuposto que se confeccione ó efecto, pasando a propiedade municipal ó finaliza-la execución da mesma.

As obras de ampliación a que se refere o apartado anterior executaranse con carácter xeral pola Entidade Subministradora e, podendo realizarse por contratista, suficientemente cualificado se ben e en todo caso este non poderá realizar o entronque na rede de distribución.

A dirección, vixilancia e inspección destas ampliacións da rede efectuarase directamente pola Entidade Subministradora, que fixará, asemade, as condicións e especificacións técnicas e sanitarias que deberán ser observadas na súa execución, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais.

As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. En aquelas partes de rede que se ubiquen excepcionalmente en terreos privados, os propietarios dos terreos afectados polo paso da tubería poñerán a disposición do Concello unha franxa de tres metros de ancho ó longo do percorrido da rede, sen que poidan obstaculizar, por ningún medio, o acceso do persoal ou maquinaria para reparación e inspeccións.

Nos casos en que o solicitante da prolongación da rede non fose propietario dos terreos por donde teña que discurri-la instalación, e non existise outra alternativa, aquél poderá convir co propietario a adquisición do terreo necesario ou constituir unha servidume de acueducto para o establecemento ou prolongación da rede, inscribíndoa no Rexistro da Propiedade.

Dada a propiedade municipal das ampliacións de rede, a Entidade Subministradora terá plena liberdade para conecta a estas instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

**ARTIGO 19.- URBANIZACIÓNS E UNIDADES DE EXECUCIÓN.**

As instalacións das redes de abastecemento propias de urbanizacións, novas rúas ou unidades de execución, serán executadas a cargo do promotor, conforme ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello, podendo a través dos seus servizos técnicos, solicitar á Entidade Subministradora cantos informes consideren oportunos.

Os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e unidades de execución aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación de

infraestructura viaria e de servicios, tanto se as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou solares nos que se divida o terreo, como se se executan para uni-la urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servicios.

O permiso de acometida de subministro para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles ubicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

Os esquemas das redes interiores de distribución, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ser proxectadas por técnico competente e aprobadas polo Concello, debendo ser executadas por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e cumprindo as normas técnicas Municipais e demais aplicables.

As obras e instalacións previstas no proxecto aprobado, así como as modificacións que, convenientemente autorizadas polo Concello sexan introducidas posteriormente, as executarán igualmente por conta do promotor ou propietario, e sempre baixo a dirección dun técnico destes últimos. As obras poderán ser realizadas por empresa constructora coa correspondente clasificación empresarial.

A Entidade Subministradora, coa conformidade dos Servicios Técnicos Municipais ou a requirimento destes, poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servicio, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garanti-la idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

O enlace das redes interiores coas conductiones exteriores que forman a rede pública xestionada pola Entidade Subministradora, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que se houberan de efectuar nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaránse a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

Unha vez finalizadas as instalacións serán verificadas polos Servicios Técnicos Municipais ou pola Entidade Subministradora. Se a inspección a realiza a Entidade Subministradora, esta comprobará que as instalacións se axusten á regulamentación técnica e sanitaria vixente e se os encontra conformes ós mesmos, informará os Servicios Técnicos Municipais no que lle afecte á rede de abastecemento para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servicios de abastecemento, unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

## **CAPÍTULO V INSTALACIÓNS INTERIORES.**

### **ARTIGO 20.- EXECUCIÓN DAS INSTALACIÓNS.**

A instalación interior, con excepción da colocación do contador, será realizada por instalador autorizado polo organismo que corresponda, e haberá de executarse cumprindo as normas para as instalacións interiores de subministro de auga, aprobadas por Orde do Ministerio de Industria de 9 de Decembro de 1975, ou as vixentes no momento da contratación, con especial previsión das continxencias da variación de presión da rede de distribución.

De acordo con éstas o propietario ou Abonado atravesará o muro de cerramento do edificio de tal modo que o tubo quede solto e lle permita a libre dilatación, se ben deberá ser rexuntado de forma que á vez o edificio quede impermeabilizado, sen que polo tanto en caso de fuga a auga pode prexudicar ó inmovible e danar xéneros ou aparatos situados no interior, sen ningún tipo de responsabilidade da Entidade Subministradora.

No inicio da instalación interior do edificio ou propiedade, disporase de chave de corte rexistable, para peche de paso de auga en caso necesario.

Os grupos de presión tomarán a auga desde un depósito auxiliar de almacenamento e nunca directamente da rede. Estes terán capacidade axeitada para o consumo, e manteranse polo Abonado nas correctas condicións hixiénico-sanitarias.

### **ARTIGO 21.- INSPECCIÓN DA INSTALACIÓN.**

A instalación interior efectuada polo propietario e/ou Abonado estará sometida á comprobación do servicio e á superior dos organismos competentes da Administración, a fin de constatar se foi executada segundo as normas e cumpre as prescricións deste Regulamento e doutras disposicións aplicables.

De non axustarse a instalación interior ós preceptos indicados, a Entidade Subministradora non realizará o suministro, e informará do feito ós organismos competentes para que resolvan o que sexa necesario.

### **ARTIGO 22.- MATERIAIS DA INSTALACIÓN.**

No se imporá ó Abonado a obriga de adquiri-lo material para a súa instalación interior nin nos almacens do servicio nin en ningún outro determinado, e só se lle esixirá que o material se axuste ó que dispoñan as normas básicas para as instalacións interiores para o subministro de auga vixentes no momento da contratación.

### **ARTIGO 23.- PROHIBICIÓN DE MEZCLAR AUGA DE DIFERENTES PROCEDENCIAS**

As instalacións correspondentes a cada póliza non poderán ser empalmadas a unha rede, tubería ou distribución doutra procedencia. Tampouco poderá empalmarse ningunha instalación procedente doutra póliza de abono, nin mezcla-la auga dos servicios con calquera outro. O Abonado instalará os dispositivos regulamentarios para impedi-los retornos accidentais cara á rede.

Nos casos tecnicamente xustificadas, cando as instalacións industriais precisen de subministros

proprios, distribuídos conxuntamente coa auga procedente do servizo, poderá autorizarse a conexión sempre que:

- a) A auga non se destine a consumo humano.
- b) Se adopten medidas técnicaamente suficientes, segundo criterio da Entidade Subministradora, previa conformidade dos Servizos Técnicos Municipais, para evitar retornos de auga cara á rede pública.

## **CAPÍTULO VI CONTADORES.**

### **ARTIGO 24.- CONTROL DE CONSUMOS.**

A medición dos consumos que servirán de base para a facturación de todo subministro realizarase por contador, propiedade do Abonado, que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo, sen prexuízo do establecido para cada caso polas Normas Básicas para instalacións interiores de subministro de auga.

Como norma xeral, a medición de consumos efectuarase mediante:

Contador único: cando no inmoible ou finca só exista unha vivenda ou local, en subministros provisionais para obras e en polígonos en proceso de execución de obras, e en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior.

Batería de contadores divisionarios: cando exista máis dunha vivenda ou local, será obrigado intalar un aparato de medida para cada unha delas e os necesarios para os servizos comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local comercial, independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calesqueira servizos, disporá dun contador individual que será propiedade do Abonado.

Os edificios en que fora necesario instalar grupos de elevación de auga, deberán dispoñer dun contador xeral para control de consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado en cabeceira da acometida ó depósito comunitario, e na póliza correspondente a esta acometida figurará como Abonado a comunidade de usuarios.

En caso de que unha comunidade de usuarios tivera instalados contadores individuais, a facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual. Nembargantes, cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturarase á comunidade de usuarios.

O Abonado ven obrigado a dispoñer dunha protección para que, no caso dunha fuga a través do contador, esta teña unha saída natural ó exterior, sen que poida causar danos ó inmoible, nin a nada do contido nel.

### **ARTIGO 25.- CONTADOR ÚNICO.**

Instalarase, en posición horizontal, xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado pola Entidade Subministradora, exclusivamente destinado a este fin, emprazada na planta baixa do inmoible, xunto ó portal de entrada e empotrado no muro de fachada ou cerramento da

propiedade que se pretende abastecer e, en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

Excepcionalmente, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, e no caso debidamente xustifico, poderá instalarse o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do chan, que terá acceso directo desde a rúa e situado o máis próximo posible á fachada ou cerramento da propiedade.

O armario ou a cámara de aloxamento do contador, estará perfectamente impermeabilizado e disporá de augueiro directo ó sumidoiro, capaz de evacua-lo caudal máximo de auga que aporte a acometida na que se instale. Asemade, estarán dotados dunha porta e pechadura homologados pola Entidade Subministradora.

### **ARTIGO 26.- BATERÍA DE CONTADORES DIVISIONARIOS.**

As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios única e exclusivamente destinados a este fin, emplazados na planta baixa do inmoible, en zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada.

As baterías para centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados, tendo en conta que tódolos contadores deberán situarse en posición horizontal.

Na orixe de cada montante e no punto de conexión do mesmo coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

Condicións de locais. Os locais para baterías de contadores terán unha altura mínima de 2'10 m. e as súas dimensións en planta serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0'60 m. e outro de 1'20 m. diante da batería, unha vez medida cos seus contadores e chaves de manobras.

As paredes, teito e chan destes locais estarán impermeabilizados, de forma que se impida a formación de humidade en locais contiguos.

Disporán dun sumidoiro, con capacidade de augueiro equivalente ó caudal máximo que poida aportar calquera das conducións derivadas da batería, en caso de saída libre da auga.

Estarán dotados de iluminación artificial, que asegure un mínimo de 100 lux nun plano situado a un metro sobre o chan.

A porta de acceso terá unhas dimensións mínimas d 0'80 m. por 2'05 m., abrirá cara ó exterior do local e estará construída con materiais inalterables pola humidade e dotada con pechadura normalizada pola Entidade Subministradora.

Condicións dos armarios. No caso de que as baterías de contadores se aloxen en armarios, as dimensións destes serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0'50 m. e outro de 0'20 m. entre a cara interior da porta e os elementos máis próximos a ela.

Cumprirán igualmente as restantes condicións que se esixen ós locais, se ben os armarios terán unhas

portas con dimensións tales que, unha vez abertas, presenten un oco que abarque a totalidade das baterías e os seus elementos de medición e manobra.

Os armarios estarán situados de tal xeito que ante eles e en toda a súa lonxitude, exista un espacio libre de un metro.

Xa se trate de locais ou de armarios, en lugar destacado e de forma visible, instalarase un cadro ou esquema en que, de forma indeleble, queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas de baterías e a súa correspondencia coas vivendas e/ou locais.

#### **ARTIGO 27.- TIPO DE CONTADORES.**

Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificado con resultado favorable, e deberán ser precintados polo organismo da Administración responsable de dita verificación.

A selección do tipo de contador, a súa clase (ó menos clase B), o seu diámetro e emprazamento, determinaranse polo prestador do servizo, de acordo coas normas básicas para as instalacións interiores de subministro de auga, vixentes no momento da contratación, segundo o tipo de domicilio a subministrar, ou en relación ó caudal punta horario previsto en subministros especiais.

No caso de que o consumo real non se correspondese co contratado e non gardase a debida relación co que corresponde ó rendemento normal do contador, éste deberá ser substituído por outro de diámetro axeitado, quedando obrigado o abonado a satisfacer os gastos ocasionados.

#### **ARTIGO 28.- INSTALACIÓN DO CONTADOR.**

Non se instalará contador ningún, ata que o usuario do servizo subscriba a póliza de Abonado correspondente.

A colocación e instalación de contadores realizarase exclusivamente pola Entidade Subministradora, correndo os gastos por conta do Abonado. O custo de instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

A Entidade Subministradora manterá unhas existencias de contadores axeitadas ás necesidades e caudais do subministro, para a súa venda ós Abonados que o soliciten. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade co cadro único de prezos vixente e aprobado polo Concello.

O Concello poderá establecer na correspondente ordenanza o réxime de aluguer de contadores para os Abonados que así o soliciten.

O contador na súa unión coa instalación será precintado pola Entidade Subministradora, non podendo ser manipulado máis que por persoal da mesma.

#### **ARTIGO 29.- VERIFICACIÓN E CONSERVACIÓN DOS CONTADORES.**

Será obriga do Abonado, a custodia do contador ou aparato de medida, así como observar e mante-lo mesmo en perfecto estado, sendo extensible esa obriga, tanto ós precintos do contador, como ás etiquetas de aquél. A responsabilidade que se derive

o incumprimento desta obriga, recaerá directamente sobre o Abonado titular do subministro.

Unha vez instalados, aínda sendo propiedade do Abonado, non poderá ser manipulado máis que polos empregados do Servizo, e a estes efectos será debidamente precintado tantas veces se proceda á súa colocación.

O Abonado terá a obriga de facilitar ós representantes e operarios do servizo o acceso ó contador, sempre e cando presenten a correspondente acreditación do Servizo.

O mantemento dos contadores será realizado pola Entidade Subministradora e a conta e cargo dos usuarios. A Entidade Subministradora facturará ós usuarios o importe das substitucións de contador e demais operacións necesarias, de acordo co cadro de prezos unitario aprobado polo Concello e vixente en cada momento.

Pode establecerse una taxa de conservación quedando a definir na correspondente ordenanza.

Considerarase conservación e mantemento de contadores, a súa vixancia, reparación e cambio, incluída montaxe e desmontaxe no seu emprazamento actual, sempre que as avarías ou anomalías observadas sexan imputables ó uso normal do aparato. Quedan excluídas desta obriga as averías debidas a manipulación indebida, abuso de utilización, catástrofe e xeadas.

#### **ARTIGO 30.- RENOVACIÓN PERIÓDICA DE CONTADORES.**

Establécese, ós efectos deste regulamento, que a vida útil máxima dun contador é de dez anos.

Transcorrido este tempo deberá ser substituído o contador pola Entidade subministradora, ben a cargo do Abonado, se é da súa propiedade, ou ben a cargo da Entidade Subministradora no caso de existencia de taxa de conservación ou o contador estea en réxime de aluguer.

A Entidade Suministradora no seu caso, proporcionará ó Abonado documento acreditativo da renovación.

#### **ARTIGO 31.- DESMONTAXE DE CONTADORES.**

A conexión e desconexión do contador ou aparato de medida sempre será realizada pola Entidade Subministradora, quen poderá precinta-la instalación do mesmo, sendo a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación.

Os contadores ou aparatos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- 1.- Por extinción do contrato de subministro.
- 2.- Por avaría do aparato de medida aínda cando non exista reclamación previa do Abonado.
- 3.- Por renovación periódica, en función de canto ó efecto se establece neste Regulamento, salvo que exista reclamación previa do Abonado.
- 4.- Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado.

#### **ARTIGO 32.- LIQUIDACIÓN POR VERIFICACIÓN.**

En caso de que un Abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa



revisión á Entidade Subministradora. O Abonado deberá depositar a tal efecto as tarifas de verificación e os gastos correspondentes, os cales serán aprobados na correspondente ordenanza Municipal.

A Entidade Subministradora deberá desmonta-lo contador e éste remitirase á Delegación de Industria ou un laboratorio homologado oficialmente. A Entidade Subministradora poderá substituir inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro novo e correctamente homologado.

Se se probara que o funcionamento do contador é correcto, o Abonado perderá a fianza de verificación depositada. Se o funcionamento do contador fora incorrecto, devolverase ó Abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de verificación a cargo da Entidade Subministradora.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou Organismo equivalente.

En caso de verificación dun funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o Abonado, a Entidade Subministradora procederá á a reface-las liquidacións por consumo de auga, corrixidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes ós seis meses anteriores ó momento da petición de verificación polo Abonado.

#### **ARTIGO 33.- CAMBIO DE EMPRAZAMENTO.**

A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou aparatos de medida, deberá ser realizada por instalador autorizado, por conta e a cargo do titular do inmovible, e no lugar que cumpra as condicións regulamentarias.

Calquera modificación do emprazamento do contador ou aparato de medida, dentro do recinto ou propiedade co subministro ó que estea adscrito, sempre serán a cargo da parte coa instancia que se levara a cabo aquela. Nembargantes, será sempre a cargo do Abonado toda modificación no emprazamento do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

a) Por obras de reformas efectuadas polo Abonado con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.

b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste Regulamento, e se produza un cambio na titularidade do subministro.

### **CAPÍTULO VII**

#### **CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO DE AUGA.**

#### **ARTIGO 34.- CARÁCTER DO SUBMINISTRO.**

En función do uso que se faga da auga, o carácter do subministro tipificarase en : usos domésticos e outros usos.

#### **ARTIGO 35.- SUBMINISTROS PARA USOS DOMÉSTICOS.**

Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atende-las necesidades ordinarias da vida.

#### **ARTIGO 36.- SUBMINISTROS PARA OUTROS USOS.**

Serán todos aqueles nos que a auga non se utilice para os fins expostos no apartado anterior.

En función do carácter do suxeito contratante do subministro, éste tipificarase en:

1.- Subministros para usos comerciais: Consideraranse como tales todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial, fabril ou industrial.

2.- Subministros para usos industriais: Entenderanse como tales todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial.

3.- Subministros ós servicios municipais: Tódolos subministros de carácter municipal serán gratuítos, realizándose a ser posible mediante contador.

A estes efectos a Entidade Subministradora poderá propoñe-las orientacións precisas para evitar consumos abusivos e lograr un maior aproveitamento dos caudais.

A estes efectos, entenderanse como servicios municipais os subministros prestados ó Concello, sen que éste perciba polo destino a que se adiquen ningunha contraprestación económica.

4.- Subministros obra: Serán aqueles, cando o Abonado se dispoña a efectuar calquera tipo de edificación e contrate a auga con destino a ela.

5.- Subministros agrícolas: O subministro agrícola é o destinado ó rego para a obtención de produtos agrícolas, estando comprendidas neste uso as explotacións industriais de floricultura.

Se se solicita expresamente este uso, facturarase como tarifa industrial.

6.- As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dun subministro de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, a tódolos efectos, das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario.

A conexión á rede pública de distribución dun subministro contra incendios, requirirá a formalización previa do contrato de subministro correspondente entre a Entidade Subministradora e o abonado.

7.- Subministros para outros usuarios: Consideraranse como tales, aqueles non enumerados nos demais grupos deste mesmo apartado, tales como: abonados circunstanciais ou esporádicos por razón de feiras, etc.; concertos de subministro por aforo para un fin específico; convenios a tanto alzado, etc.

### **CAPÍTULO VIII**

#### **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO.**

#### **ARTIGO 37.- OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO.**

Os contratos de subministro formalizaranse para cada vivenda, piso local, industria ou obra que constitúa unha unidade independente.

Cada subministro quedará adscrito ós fins para os que se concedeu, non podendo adicalo a outros fins ou modifica-lo seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, no seu caso, o contrato conseguente.

#### **ARTIGO 38.- SUXEITOS DO CONTRATO.**

Os contratos de subministros formalizaranse entre a Entidade Subministradora e o titular do dereito de uso da finca, local ou industria a abastecer, ou por quen o represente.

#### **ARTIGO 39.- DURACIÓN DA PÓLIZA.**

Os contratos consideraranse estipulados polo prazo fixado na póliza, e enténdense tácitamente prorrogados polo mesmo período, a menos que unha das partes, cun mes de antelación, avise de forma expresa e por escrito á outra parte do desexo de dalo por finalizado. Nembargantes, se dentro do primeiro ano a contar desde o inicio do subministro, o Abonado, por calquera causa, dese por finalizado o contrato, correrán ó seu cargo os gastos causados pola retirada do contador.

#### **ARTIGO 40 - PLURALIDADE DE PÓLIZAS NUN IMMOBLE.**

Extenderase unha póliza de abono por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertenczan ó mesmo propietario ou arrendatario e sexan contiguas.

No caso de sistemas conxuntos de calefacción ou auga quente, dispositivos para rego de xardíns, etc., deberá suscribirse unha póliza xeral de abono, independente das restantes do inmovible, a nome da propiedade ou comunidade de propietarios.

Cando unha soa póliza de abono xeral corresponda a todo o inmovible, sen existencia de pólizas individuais para vivenda, local ou dependencia, aplicaranse sobre esta póliza xeral tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de abono, se sirvan mediante o subministro xeral, e á tarifa máis elevada que corresponde.

Esta modalidade de contratación será unha excepción, que incluírá a aqueles Abonados existentes no momento da entrada en vigor deste Regulamento.

#### **ARTIGO 41 - SUBSCRICIÓN DE PÓLIZA.**

Non se levará a cabo ningún subministro sen que o usuario haxa suscrito co prestador do servizo a correspondente póliza de abono ou contrato de subministro. Unha vez concedido o subministro, este non será efectivo ata que o abonado non faga efectivos os traballos de conexión, fianza e dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

Á solicitude de subministro, o peticionario acompañará a documentación seguinte:

Boletín de instalador, visado pola Delegación Provincial competente en materia de Industria.

Escritura de propiedade, contrato de arrendamento ou documento que acredite o dereito de

disponibilidade sobre o inmovible para o que solicite o subministro.

Documento que acredite a personalidade do contratante.

En caso de vivenda, cédula de habitabilidade e, no seu caso, licenzia de primeira ocupación.

Se é local comercial ou industria, a licenzia de apertura.

Se é un subministro por obras, a licenzia municipal de obras en vixencia.

Aquela outra documentación que se requira polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **ARTIGO 42 - CAUSAS DE DENEGACIÓN DO CONTRATO.**

A facultade de concesión do subministro de auga corresponde ó Concello, con suxeición ás normas regulamentarias vixentes.

A Entidade Subministradora poderá denegar a contratación do subministro previa comunicación ó Concello nos seguintes casos:

1.-Cando a persona ou entidade que solicite o subministro se negue a asinar o contrato extendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación do subministro de auga, ou cando no presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagos correspondentes.

2.-Por inadecuación das instalacións interiores ás prescricións regulamentarias vixentes no momento da petición.

3.-Cando non dispoña de acometida para o subministro de auga ou non conte con autorización de verquido para as augas residuais e pluviais.

4.-Cando se comprobe que o peticionario do servizo deixara de satisfacer o importe do auga consumida, en virtude de outro contrato suscrito co prestador do servizo e en tanto non abone a súa débeda.

5.-Cando para o local para o que se solicita o subministro, exista outro contrato de subministro anterior e en plena vixencia.

6.-Cando polo peticionario do subministro non se acreditara fehacientemente, a obtención das autorizacións de terceiros que correspondan, ou en su caso, establecemento das servidumes, con inscrición rexistral, que sexan necesarias para levar a cabo as obras e instalacións para a prestación dos servizos solicitados.

7.- Cando exista pendente unha liquidación por fraude.

#### **ARTIGO 43 - FIANZAS.**

Para atender ó pagamento de calquera posible descuberto ou dano nas instalacións do Servizo, imputable ó Abonado, este estará obrigado a depositar na Caixa do mesmo, no momento de contratar o servizo, unha cantidade en concepto de fianza, a cal será fixada na correspondente Ordenanza Municipal.

#### **ARTIGO 44 - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Os contratos estableceranse para cada tipo de subministro, sendo, por tanto, obrigatorio formalizar contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

#### **ARTIGO 45 - TRASLADO E CAMBIO DE ABONADOS.**

Os traslados de enderezos e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que subscribiu o contrato, esixen novo contrato, ou no seu caso, a subrogación no anterior, sempre que se cumplan os requisitos establecidos neste Regulamento.

#### **ARTIGO 46 - SUBROGACIÓN.**

Ó falecemento do titular da póliza de abono, o seu cónxuxe, descendentes, fillos adoptivos plenos, ascendentes e irmáns, que houberan convivido habitualmente na vivenda, ó menos con dous anos de antelación á data do falecemento, poderanse subrogar nos dereitos e obrigas da póliza. Non serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe.

Tamén poderase subrogar calquera outro herdeiro ou legatario se ha de suceder ó causante na propiedade ou uso da vivenda ou local en que se realice o subministro.

No caso de Entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá face-lo propio na póliza de abono, condicionado á prestación ante a Entidade Subministradora de tódalas autorizacións administrativas necesarias.

O prazo para subrogarse será de doce meses a partir da data do feito causante.

#### **ARTIGO 47 - CONTRATOS DE SUBMINISTROS TEMPORAIS.**

Para a execución de obras de urbanización ou ordinarias e de aquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, a Entidade Subministradora autorizará, a petición da Entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso do auga procedente das bocas de rego, poñéndoo en coñecemento do Concello.

Cando o solicitante sexa o contratista, deberá constituír previamente ante a Entidade Subministradora, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito coa cantidade que será fixada na correspondente Ordenanza Municipal. A constituición deste depósito e o dereito a utilizar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito seralle devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, se non se produciran danos.

O consumo de auga a que se refire o presente artigo será abonado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que a Entidade Subministradora instalará a tal efecto.

Salvo os casos previstos nos anteriores parágrafos deste artigo, a utilización das bocas de rego só estará permitida ós servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pagamento os consumos que se produzan pola utilización de aquelas, estando a Entidade Subministradora obrigada ó seu mantemento e conservación.

Os hidrantes de incendios, quedarán de uso exclusivo do Servizo de Extinción de Incendios,

estando a Entidade Subministradora obrigada ó seu mantemento e conservación.

### **CAPÍTULO IX REGULARIDADE NO SUBMINISTRO.**

#### **ARTIGO 48 - GARANTÍA DE PRESIÓN E CAUDAL.**

O suministro directo de auga pola presión da rede está garantido, en xeral, pola Entidade Subministradora, para tódolos abastecementos cunha altura de entrada do tubo ascendente ou montante respecto ó nivel da calzada no lugar donde se efectúe a acometida, sexa igual ou inferior ó establecido en particular para cada rede de abastecemento.

Cando as condicións técnicas do subministro (presión e/o caudal) sexan insuficientes para as necesidades do mesmo, o abonado deberá realizar o seu cargo as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para isto os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes.

#### **ARTIGO 49.- CONTINUIDADE NO SERVICIO.**

Salvo causa de forza maior, ou averías nas instalacións públicas, as Entidades Subministradoras teñen a obriga de manter permanentemente o servizo, cando non conste o contrario nos contratos ou pólizas de subministro, nas condicións indicadas no artigo anterior.

#### **ARTIGO 50 - SUSPENSÍONS TEMPORAIS.**

A Entidade Subministradora poderá suspender temporalmente o servizo cando:

- a) Sexa imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora das instalacións o seu cargo.
- b) No suposto de perda da condición de potabilidade da auga que implique un risco inminente para a saúde da poboación abastecida.
- c) Causas de forza maior ou recoñecida urxencia.

Nos cortes previsibles e programados, as Entidades subministradoras deberán avisar ós usuarios como mínimo con vinte e catro horas de anticipación, a través, alomenos, dun dos medios de comunicación de maior difusión na localidade, ós usuarios. No caso de non o poder facer a través dos medios de comunicación, deberá darlle publicidade por outros medios ó seu alcance coa suficiente antelación, de tal forma que quede garantizado a información do corte.

Os cortes programados poñeranse en coñecemento do Concello, debendo ser autorizados por este.

A interrupción do subministro por averías en instalacións a cargo das Entidades Subministradoras, non derivadas de forza maior, por un período continuado superior a 7 días, dará dereito ó abonado a reclamar de aquelas o reintegro da parte proporcional da súa cota fixa.

O Servizo comunicará o tempo aproximado que durará a dita interrupción e o horario para as restriccións que se impoñan ós Abonados ós que afectan as vicisitudes do Servizo. Só en casos de recoñecida urxencia ou forza maior poderá o Servizo prescindir de esta obriga de preaviso.

#### **ARTIGO 51 - RESERVAS DE AUGA.**

Sen prexuízo do que estableza a normativa específica aplicable a cada sector, tódolos locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga representa unha permanente e inexcusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, e, especialmente, nos Centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do Servizo.

Igualmente deberá dimensionar e establecer as súas reservas as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos, de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante, ó menos, 24 horas.

Os depósitos serán de materiais inalterables pola corrosión, debéndose manter limpios e desinfectados, respondendo o propietario da instalación interior das posibles contaminacións que se puideran ocasionar por causa de descuido, rotura ou mala conservación.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos, que polas súas características especiais deberán proveerse de medios de reserva.

#### **ARTIGO 52 - RESTRICCIÓNS NO SUBMINISTRO.**

O Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable ten por obxecto satisfacer as necesidades da poboación, garantindo preferentemente o uso doméstico. As concesión de auga para outros usos, farase só no caso de que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

Cando o Concello o considere necesario, e por acordo do órgano municipal competente, poderá en calquera momento, rebaixar e incluso suspender o servizo para usos non domésticos, sen que por isto o Concello contraia obriga algunha de indemnización, xa que estes subministros quedan en todo momento subordinados ás esixencias de consumo doméstico da poboación. No caso de impoñerse restriccións no subministro, estas afectarán en primeiro lugar ós subministros para rego de xardíns, fincas de recreo e seguidamente ós subministros de usos agrícolas e de rego e industriais.

Neste caso, a Entidade Subministradora estará obrigada a informar ós Abonados, o máis claramente posible, das medidas que se van implantar, así como a data de inicio das mesmas, a través dos medios de comunicación.

### **CAPÍTULO X LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN.**

#### **ARTIGO 53 - PERIODICIDADE DE LECTURAS.**

A Entidade Subministradora estará obrigada a establecer un sistema de toma de lecturas permanentemente e periódico, de forma que, para cada Abonado os ciclos de lecturas conteñan, no posible, o mesmo número de días.

A facturación de consumos farase bimestralmente ou coa periodicidade que fixe o Concello, independentemente da periodicidade coa que se efectúen as lecturas.

Con carácter excepcional e para Abonados con consumos superiores a 500 m<sup>3</sup> mensuais e que o soliciten por escrito, o Concello poderá aprobar a súa facturación mensual, previo informe da Entidade Subministradora.

#### **ARTIGO 54 - HORARIO DE LECTURAS.**

A toma de lectura será realizada en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado expresamente pola Entidade Subministradora, provisto da súa correspondiente documentación de identidade.

En ningún caso o Abonado podera impoñe-la obriga de tomar a lectura fóra do horario que teña establecido a Entidade Subministradora a tal efecto.

En aqueles casos nos que se conceda subministros eventuais, controlados mediante equipos de medida de tipo móbil, o Abonado estará obrigado a presentar, nos lugares ou locais establecidos ó efecto no correspondente contrato ou concesión, e dentro das datas igualmente establecidas no dito documento, os mencionados equipos de medida para a súa toma de lectura.

#### **ARTIGO 55 - LECTURA POLO ABONADO.**

Cando por ausencia do Abonado non fora posible a toma de lectura, o persoal encargado da mesma depositará no buzón de correos do Abonado, unha tarxeta na que deberá constar:

- a) Nome do Abonado e enderezo do subministro.
- b) Data en que se persoou para efectuar a lectura.
- c) Data en que o Abonado efectuou a súa lectura.
- d) Prazo máximo para facilitar a dita lectura. En calquera caso non será inferior a 48 horas.
- e) Representación gráfica da esfera ou sistema de contador que marque a lectura exposta de forma que resulte fácil determinala.
- f) Diferentes formas de facer chegar a lectura do seu contador á Entidade Subministradora.
- g) Advertencia de que se a Entidade non dispón da lectura no prazo fixado, esta procederá a realizar unha estimación dos consumos para evitar unha acumulación dos mesmos.

A Entidade Subministradora deberá cumprimentar a tarxeta nos seus apartados b), d), f) e g) sendo obriga do abonado os apartados a), c) e e).

#### **ARTIGO 56 - DETERMINACIÓN DE CONSUMOS.**

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada Abonado, concretarse pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

A Entidade Subministradora guiarase, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do Servizo debidamente homologados, non estando obrigada a aceptar as reclamacións que se apoiem en lecturas dos contadores con instalados pola mesma.

Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador será facturada ó Abonado de acordo coas tarifas correspondientes.

No momento no que a Entidade Subministradora, a través das lecturas efectuadas en contador ou por outro método, detecte consumos desproporcionados ós habituais, no prazo de dez días, comunicarao por escrito ó Abonado, ó obxecto de que este realice as comprobacións oportunas na súa instalación.

#### **ARTIGO 57 - CONSUMOS ESTIMADOS.**

Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avería no equipo de medida, ausencia do Abonado no momento en que se intentou tomar a lectura, a facturación do consumo efectuarase con arreglo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir, liquidaranse as facturacións con arreglo á media aritmética dos tres períodos anteriores.

En aqueles casos nos que non existan datos históricos paa poder obter o promedio ó que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse en base ó promedio que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampoco esto fora posible, facturarase un consumo equivalente á capacidade nominal do contador por 15 horas de utilización mensual.

Os consumos así estimados, terán o carácter definitivo no suposto de avería no contador, e a conta nos outros supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, normalizarase a situación, por exceso ou por defecto, nas facturacións do seguinte período.

No suposto de avaría do contador, se o detecta a Entidade Subministradora, efectuará a substitución do contador coa debida rapidez, dando conta diso ó Abonado de acordo con este Regulamento. Se é o usuario quen o detecta, denunciarao inmediatamente á Entidade Subministradora, executando esta a substitución do contador coa debida rapidez. No caso de oposición por parte do abonado á substitución do contador, ou á adecuación da instalación para proceder ó cambio, o Servicio poderá facturar consumo estimado a raíz de aumentar un 50% a facturación estimada anterior.

Se por ausencia do abonado non fora posible le-lo contador durante tres períodos de facturación consecutivos, a Entidade dirixirá un escrito ó Abonado dándolle un prazo de dez días para normalizar tal situación, con excepción de se o usuario ten o recibo domiciliado, en tal caso cobraráselle o mínimo estipulado e se regularizará o cobro cando se proceda á lectura do contador. Transcorrido o dito prazo sen que o abonado establecera contacto coa Entidade, esta podera suspender o subministro, contando coa autorización da Delegación de Industria. A súa reanudación, o abonado deberá satisfacer os mínimos ou cotas de servicio polo tempo que durase a suspensión e abonar asimesmo os gastos de reposición do subministro.

#### **ARTIGO 58 - OBXECTO E PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN.**

Será obxecto de facturación polas Entidades Subministradoras os conceptos quee procedan en

función da modalidade do subministro e as tarifas vixentes en cada momento.

A facturación realizarase por períodos bimestrais vencidos, de acordo có sinalado no art. 53.

#### **ARTIGO 59 - REQUISITOS DE FACTURAS E/O RECIBOS.**

Nas facturas ou recibos emitidos pola Entidade Subministradora deberá constar claramente como mínimo, os seguintes conceptos:

- a) Enderezo obxecto do subministro.
- b) Enderezo de notificación, se é distinto e figura como tal no contrato.
- c) Tarifa aplicada.
- d) Calibre do contador ou equipo de medida.
- e) Lecturas do contador que determinan o consumo facturado e data das mesmas que definan o prazo de facturación.
- f) Indicación de se os consumos facturados son reais ou estimados.
- g) Indicación do Boletín Oficial que estableza a tarifa aplicada.
- h) Indicación diferenciada dos conceptos que se facturen.
- i) Importe dos tributos que se repercutan.
- j) Importe total dos servicios que se presten.
- k) Teléfono e enderezo social da Entidade Subministradora onde poidan dirixirse para solicitar información.
- l) Enderezo ou enderezos de pagamento e prazo para efectualo.

#### **ARTIGO 60.- FORMA DE PAGAMENTO DAS FACTURAS OU RECIBOS.**

O Abonado poderá facer efectivos os importes facturados pola Entidade Subministradora nas súas oficinas, entidades de crédito ou outros establecementos autorizados polo Servicio, ou ben a través da conta do Abonado na entidade bancaria ou caixa de aforros que para o efecto autorice. Igualmente en casos excepcionais, o Abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou transferencia bancaria similar, sempre coa conformidade previa e expresa da Entidade Subministradora.

En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó Abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

#### **ARTIGO 61.- PRAZO DE PAGO.**

O Abonado disporá dun prazo de trinta días contados a partir da data de notificación do recibo. De non facelo neste prazo, procederase ó recargo con liquidación de intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da suspensión do subministro e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

#### **ARTIGO 62.- CORRECIÓN DE ERROS NA FACTURACIÓN.**

O Abonado poderá obter da entidade Subministradora calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre

toda cuestión relacionada co subministro que se xerara nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

Nos casos de que por erro a Entidade Subministradora facturase cantidades inferiores ás debidas, escalonarse o pago da diferenza nun prazo que, salvo acordo en contrario, será de igual duración que o período ó que se estenden as facturacións erróneas, cun tope máximo de un ano.

O Abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos ó Servizo. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provoque o erro. Se supera o prazo de 25 días, devengarase intereses de demora.

Cando o Abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e acompañaranse á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.

O Servizo queda obrigado a resolver a reclamación, á maior brevidade, e en todo caso no prazo máximo dun mes.

Non será atendida reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo Abonado ou persoa que lle represente legalmente.

#### **ARTIGO 63.- SUBMINISTROS A TANTO ALZADO.**

En aquelas instalacións nas que, polo seu carácter temporal, pola súa situación de precariedade ou por calquera outra causa de excepcionalidade, se contratara o subministro por un volume ou caudal fixo, ou por cantidade predeterminada por unidade de tempo de utilización, non poderán imputarse outros consumos que os estritamente pactados.

Igualmente, o contratante ou usuario destes subministros, non poderá aducir circunstancia ningunha que puidera servir de base para posibles deducións nos consumos ou cantidades pactadas.

Nestes casos, poderase efectuar a súa facturación de forma anticipada, e concidindo coa concesión dos mesmos.

#### **ARTIGO 64.- SUBMINISTROS EXISTENTES SEN CONTADOR.**

Transitoriamente os subministros actuais que non posúen contador, facturarase un mínimo, a súa cuantía determinarase na correspondente Ordenanza Municipal.

### **CAPÍTULO XI.**

#### **SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO E RESCISIÓN DO CONTRATO.**

#### **ARTIGO 65.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO.**

A Entidade Subministradora de auga poderá, sen prexuízo do exercicio das accións de orde civil ou administrativo, que a lexislación vixente lle ampare, suspender o subministro ós seus Abonados ou usuarios nos casos seguintes:

a) Polo impago das facturacións dentro do prazo de tres meses.

b) Cando un usuario goce do subministro sen contrato.

c) Por falta de pago, no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude. A Entidade Subministradora contará coas autorizacións pertinentes.

d) Insertar nas tuberías de abastecemento, sen previa autorización da Entidade Subministradora, bombas ou calquera aparato que modifique ou poda afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno, e consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.

e) No caso de que o Abonado utilice a auga para rego de hortas e zonas axardinadas anexas á vivenda habitual ou faga uso da auga que se lle subministra en forma ou usos distintos ós contratados, salvo que eses consumos non sexan significativos respecto ó do lar, considérase que é significativo o consumo de aquelas utilizacións se o facturado equivale a un 150% do mínimo do que correspondería se non se derivasen a aquelas utilizacións, para o que se terá en conta dotacións por membro de familia e día de 150 litros, para tódalas necesidades do lar exclusivamente. O Concello, no caso de necesidade, poderá prohibir estas utilizacións e, no caso de decretar a prohibición, e en tanto dure, perderán o carácter de non significativas a tódolos efectos.

f) Cando o Abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministro.

g) Cando polo persoal da Entidade Subministradora se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá a Entidade Subministradora efectuar a suspensión inmediata do subministro de auga en tales derivacións, dando conta diso ó Concello.

h) Cando o Abonado non permita a entrada no local a que afecta o subministro contratado, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado pola Entidade e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, o que se fixera consta-la negativa ante testemuñas ou en presenza de algún axente da autoridade, que deberá remitir ó Organismo competente en materia de Industria, xuntamente coa solicitude de suspensión de subministro.

i) Cando nos subministros nos que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores, puidera afectar a potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, polos Abonados, se tomen as medidas oportunas en evitación de tales situacións; en tal caso a Entidade Subministradora poderá realizar a suspensión inmediata do subministro, dando conta

de isto por escrito á Delegación Provincial competente en materia de Industria.

j) Pola negativa reiterada do Abonado a modifica-lo rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando iso fora preciso para substituí-lo contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.

k) Cando o Abonado mezcle augas de outra procedencia e requirido pola Entidade Subministradora para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de 5 días.

l) Cando durante seis meses persista a imposibilidade de toma-la lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causa imputable ó Abonado, a Entidade Subministradora, poderá suspender transitoriamente o subministro, ata tanto o Abonado acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ó mesmo para poder toma-la lectura.

m) Por negligencia do abonado respecto da reparación de averías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito pola Entidade Subministradora, transcorre un prazo superior ós tres días hábiles, a partir do día seguinte á notificación sen que a avaría fose subsanada.

#### **ARTIGO 66.- PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN.**

Con excepción dos casos de suspensión inmediata previstos neste Regulamento, a Entidade Subministradora deberá dar conta ó Organismo competente en materia de Industria e ó abonado por correo certificado, considerándose que queda autorizado para a suspensión do subministro se non recibe orde en contrario de dito Organismo no término de 15 días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos, salvo que o solicitado non se axustara a dereito.

A suspensión do subministro de auga por parte da Entidade Subministradora, salvo nos supostos de suspensión inmediata, non poderá realizarse en días festivos ou días en que por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vísperas do día en que se dean algunhas destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, ó seguinte día hábil en que foran subsanadas as causas que orixinaron a suspensión de subministro.

A notificación da suspensión de subministro, incluírá, como mínimo os seguintes puntos:

- Nome e dirección do Abonado.
- Nome e dirección da finca abastecida.
- Data a partir da cal se producirá o corte.
- Detalle da razón que orixina a suspensión.
- Nome, enderezo, teléfono e horario das oficinas comerciais da Entidade Subministradora en que poidan subsanarse as causas que orixinaron a suspensión.

A reconexión do subministro farase pola Entidade Subministradora que poderá cobrar do Abonado, por esta operación, unha cantidade que será fixada no

Cadro de Prezos que aprobe o Concello. O Abonado non recuperará o Servizo ata que non proceda ó seu pago.

En ningún caso se poderán percibir estes dereitos se non se efectuou a suspensión do subministro.

Transcorridos 3 meses desde a suspensión do subministro sen que o Abonado enmendara calquera das causas establecidas no artigo 65 deste Regulamento, polas cales se procedeu á citada suspensión, o Servizo estará facultado para resolve-lo contrato, ó amparo do que dispón o artigo 1124 do Código Civil, sen prexuízo dos dereitos da Entidade Subministradora á esixencia do pagamento da deuda e ó resarcemento dos danos e prexuízos a que houbera lugar.

#### **ARTIGO 67 - EXTINCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO.**

O contrato de subministro de auga extinguirase, sen prexuízo da execución anterior ou non das accións que se indican nas disposicións anteriores de suspensión de subministro, especificadas no artigo 66 deste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

1.- A pedimento do Abonado.

2.- A pedimento do propietario do inmovible, aínda que non sexa o Abonado, sempre que acredite que non existe arrendatario titular do contrato.

3.- A instancia da Entidade Subministradora, nos seguintes casos:

a) Por persistencia durante mais de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministro reguladas no artigo 66 deste Regulamento.

b) Por incumprimento do término ou condición do contrato de subministro.

c) Por utilización do subministro sen se-lo titular contractual do mesmo.

4.- Por resolución da Delegación Provincial competente en materia de Industria, previa audiencia ó interesado, a pedimento da Entidade Subministradora nos seguintes casos:

a) Por uso dos ocupantes da finca abastecida ou condicións das súas instalacións interiores, que entrañen perigosidade na seguridade da rede, potabilidade do auga o danos a terceiros, sempre que éstos non sexan subsanables.

b) Por incumprimento, por parte do abonado, do contrato de subministro ou das obrigas que de el se deriven.

c) Por cambio no uso dos servizos e instalacións para os que se contratou o servizo, así como por derruba, ampliación ou reforma da finca para a que se contratou o subministro.

Non habendo resolución expresa da Delegación Provincial competente en materia de Industria, considerarase positiva transcorridos tres meses dende que lle foi solicitada a petición, salvo que o solicitado coa Entidade subministradora non se axustara a dereito.

A reanudación do subministro despois de extinguido o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente, só poderá efectuarse mediante nova

solicitud, suscripción de novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

#### **ARTIGO 68 - RETIRADA DO APARATO DE MEDICIÓN.**

Resolto o contrato, o prestador do servizo retirará o contador, propiedade do abonado, advertíndolle de que queda en depósito e a disposición do abonado nas dependencias do prestador do servizo durante o prazo de tres meses, a partir do cal o prestador do servizo poderá dispoñer libremente deste.

#### **ARTIGO 69 - OUTRAS INFRACCIÓNS.**

As accións ou omisións que non revistan a gravidade dos expostos, serán consideradas falta leve e se sancionarán, previa instrucción do oportuno expediente, con multa, na contía que autorice a lexislación vixente.

### **CAPÍTULO XII.**

#### **FRAUDES NO SUBMINISTRO DE AUGA.**

##### **ARTIGO 70 - TIPOS DE FRAUDES.**

A Entidade Subministradora considerará como fraude as seguintes situacións:

- a) Que non exista contrato algún para o subministro de auga.
- b) Que por calquera procedemento se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparello de medida.
- c) Que se realizaran derivacións de caudal, permanentes ou circunstanciais, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

##### **ARTIGO 71 - ACTUACIÓN POR FRAUDE.**

A Entidade Subministradora á vista da información, requirirá ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas na mesma, co apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á notificación, aplicarase polo procedemento de suspensión do subministro que corresponda, de acordo co art. seguinte.

Cando polo personal da Entidade Subministradora se atopen derivacións nas súas redes con utilización de subministro sen convenio algún, é dicir, realizadas clandestinamente, as ditas Entidades poderán efectuar a suspensión inmediata do subministro.

Se ó ir a realiza-lo persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negara a entrada ó enderezo, poderán autorizar á Entidade para suspender o subministro.

##### **ARTIGO 72 - LIQUIDACIÓN POR FRAUDE.**

A Entidade Subministradora practica-la a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

- 1.- Que non exista contrato algún para o subministro de auga.

Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias

de utilización e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento en que subsanase a existencia de fraude detectado, sen que poida extenderse, en total, cinco anos.

- 2.- Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparato de medida.

Se se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo foran aboados polo autor do fraude.

- 3.- Que se realizaran derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, de non existir contrato de subministro, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

- 4.- Que se utilice a auga para usos distintos ós contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase en favor do Servizo, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondente ó uso real que se está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaran en base ó uso contratado. Dito período non poderá ser computado en máis de un ano.

En tódolos casos, o importe do fraude deducido con arreglo ós preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito ós importes que lle foran repercutibles, debéndose consigna-la contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

As liquidacións que formula a Entidade Subministradora serán notificadas ós interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións ante o Organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar dende a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

### **CAPÍTULO XIII**

#### **RÉXIME ECONÓMICO.**

##### **ARTIGO 73.- DEREITOS ECONÓMICOS**

As Entidades Subministradoras, conforme a este Regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente lle ampare, non poderán cobrar, por subministro de auga potable, ós seus abonados, outros conceptos



distintos ós que especificamente se enumeran a continuación:

- Cuota de servicio.
- Cota de consumo.
- Recargos especiais.
- Dereitos de Acometida.
- Cota de contratación.
- Canons.
- Fianzas.
- Servicios específicos.

#### **ARTIGO 74.- SISTEMA TARIFARIO.**

Os efectos deste Regulamento, entenderase por sistema tarifario aquel conxunto de conceptos, dos relacionados no artigo 73, que conformen o prezo total que o abonado debe pagar, en orde á consecución e mantemento do equilibrio económico e financeiro da Entidade Subministradora para a prestación do servicio de abastecemento.

Os impostos que recaian sobre o prezo final do servicio, non constitúen un elemento máis do sistema.

#### **ARTIGO 75.- MODALIDADES.**

É facultade do Concello autorizar as modalidades e sistemas tarifarios que estime conveniente dentro dos que a continuación se indican:

- Doméstico.
- Comercial.
- Industrial.
- Outros usuarios.
- Obras.
- Agrícolas
- Contra incendios.

#### **ARTIGO 76.- COTA DE SERVICIO.**

É a cantidade fixa que periódicamente deben aboalos usuarios pola dispoñibilidade que gozan, independentemente de que fagan uso ou non do servicio.

#### **ARTIGO 77.- COTA DE CONSUMO.**

- Cota fixa. Mínimo de consumo.
- É a cantidade que abona o usuario de forma periódica e en función do consumo mínimo establecido.
- Cota variable de consumo: É a cantidade que abona o usuario en función do consumo realizado a partir do mínimo establecido.

Para cuantificar esta cota poderanse aplica-los distintos tipos de tarifa que a continuación se detallan:

- 1.- Tarifa constante: dentro dun mesmo uso da auga; todo o consumo se factura ó mesmo prezo.
- 2.- Tarifa de bloques crecentes: o consumo de auga descomponse en bloques de límites preestablecidos, ós que se aplican prezos cada vez máis elevados.
- 3.- Tarifa de bloques decrecentes: o consumo de auga descomponse en bloques de límites preestablecidos, ós que se aplican prezos que resultan cada vez máis reducidos.

Para bloques de consumos establecidos no parágrafo anterior, rexerán os seguintes criterios:

- a) O número de bloques por consumos, non poderá ser superior a catro na modalidade de usos domésticos.

b) O número de bloques, non poderá ser superior a tres na modalidade de usos industriais ou comerciais.

c) O número de bloques, non poderá ser superior a dous na modalidade de outros usos.

#### **ARTIGO 78.- COBRO DE SERVICIOS ESPECÍFICOS.**

Nos casos que os abonados ós servicios de abastecemento de auga precisen a prestación dun servicio individualizado, diferenciado dos que, en función do presente Regulamento, ten obriga de prestar a Entidade Subministradora. A solicitude deste tipo de servicio solicitarao o Abonado ó concello, quen decidirá sobre a súa concesión de acordo co informe da Entidade Subministradora. Previa a súa aceptación e asunción, poderán repercutir nos recibos por consumo de auga os maiores custos dos servicios concertados de mutuo acordo e sempre con carácter xeral para tódolos abonados.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

Os contratos existentes á entrada en vigor deste Regulamento adoptaranse de oficio ás disposicións do mesmo, quedando os usuarios obrigados ó cumprimento de tódalas súas prescricións sen perxuízo de que en cada caso o servicio proceda a respecta-los dereitos lexítimos adquiridos polos abonados. En todo caso estes dereitos consideraranse a extinguir á terminación do contrato anteriormente existente.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogado o Regulamento do Servicio Municipal de Augas aprobado polo Pleno da Corporación o 5 de abril de 1971.

#### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

**PRIMEIRA.-** Ó obxecto de homoxeneizar os elementos constructivos das redes de abastecemento de auga potable, que se instalen no concello de Santiago de Compostela, a Entidade Subministradora, presentará no prazo de 4 meses, a partir da aprobación definitiva, proposta de Prego de Prescricións Técnicas Particulares, donde se recollan as condicións que reunirán os elementos constructivos máis representativos, que forman parte das redes de distribución de auga potable e que se utilizan en urbanizacións e instalacións interiores de edificios.

**SEGUNDA.-** Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P."